

PLAN 2010-2013

ONGD LABAÑOU SOLIDARIA



www.labanousolidarira.org | labanousolidaria@gmail.com

Rúa Nosa Sra. do Perpetuo Socorro, 13 baixo 15011 A Coruña (España)

ÍNDICE

1. **Presentación do plan**
2. **Contexto e xustificación**
3. **Obxectivos**
4. **Ónde se enmarca o proxecto presentado**
5. **Institucións implicadas**
6. **Resultados esperados**
7. **Destinatarios directos e indirectos**
8. **Actividades / tarefas**
9. **Instrumentos**
10. **Localización**
11. **Previsión de gastos**
12. **Previsión de ingresos**
13. **Previsión de socios**
14. **Previsión de persoal contratado e voluntario**

1. Presentación do plan

O plan estratéxico 2010 2013 é de especial importancia para Labañou Solidaria xa que marca un antes e un despois na nosa organización. Isto quere dicir que, tras 10 anos de labor continuada nunha mesma liña, iniciamos unha nova época de renovación na que hai cambios importantes que implican esforzos e compromisos importantes.

Nesta “nova era” de Labañou Solidaria, hay tres liñas principais a seguir:

- Fortalecer a nosa organización como ONG da Coruña e como ente de cooperación Galega, feito que nos permite levar a cabo a nosa labor dun xeito menos arriscado e con maior seguridade e confianza.
- Iniciar unha nova etapa de traballo na Cunca de San Miguel, próxima á cunca de Vilcabamba.
- Continuar a labor que vimos realizando ata o de agora na poboación de Vilcabamba pero con intención de empoderar definitivamente á nosa contraparte e deixarles a eles o control total sobre os proxectos.

2. Contexto e xustificación

A ONGD atópase nun momento de debilidade no que se fai palpable a necesidade de reorganización e fortalecemento xa que, de non ser así, peligra a súa sostibilidade. Como en calquer outra organización, esta inseguridade deteriora o traballo e, polo tanto, a consecución de obxectivos.

Polo tanto, acórdase levar a cabo un plan de tres anos de duración mediante o cal a ONG busca reforzarse para acadar a súa consolidación como axente de cooperación con presenza recoñecida tanto en Galicia como en Perú e, por outra parte, abandonar unha zona na que se leva traballando 10 anos para inciar a nosa labor noutra cunca próxima.

Para que as bases que acabamos de plantexar poidan chegar a bon fin compre atallar o claros problemas e debilidades da organización, como poden ser os de colaboración con outras ONGs na transmisión de información, implantación do tema de xénero, pouca incidencia social do seu traballo na Comunidade Galega... os cales poñen en risco a continuidade do seu traballo e os logros acadados ata o de agora.

Por último, é importante destacar que, dentro de este plan se plantexa a necesidade de colaborar coa ONG EUROEUME para cubrir necesidades de ámbas organizacións vendo que as dúas comparten un fin común e experiencias que permiten que tanto unha como a outra, se enriquezan das experiencias previas e o traballo conxunto.

3. Obxectivos

- Deixar de traballar na cunca de Vilcabamba.
- Empoderar definitivamente á contraparte Vilcabambina.
- Iniciar unha nova etapa na Cunca de San Miguel.
- Traballar na liña que o viñamos facendo ata agora pero aplicando o aprendido nestes 10 anos de experiencia.
- Iniciar colaboración coa ONG EUROEME tanto no traballo conxunto coma no intercambio de experiencias, perseguindo unha retroalimentación mútua.
- Promover o intercambio de experiencias e o transvase de coñecementos entre ONGD.
- Promover o intercambio de experiencias e o transvase de coñecementos con outros axentes de cooperación galega.
- Promover o intercambio de experiencias e o transvase de coñecementos con outras entidades sociais galegas.
- Promover o fortalecemento da área de incidencia social.
- Promover o fortalecemento da área de xénero: aplicación da súa perspectiva en todas as fases do proxecto.
- Promover o fortalecemento da área de comunicación: elaboración e implantación de Plans de Comunicación, relación cos medios de comunicación e a prensa así coma mellora da comunicación interna e cos socios.

4. Ónde se enmarca o proxecto presentado.

O proxecto presentado nesta convocatoria enmárcase na fase inicial dun plan de tres anos que se recolle neste documento. Nesta fase inicial e tal e como se reflexa no “Documento de formulación” da convocatoria, preténdense abordar os principais problemas da organización que están debilitando a súa estrutura e o seu poder de executar proxectos. Actúase polo tanto sobre os seguintes temas:

- Contratación de persoal: é necesaria a contratación dun/dunha técnico/a na Coruña que se encargue da xestión do proxecto e que, coa correcta execución do mesmo e o cumprimento dos obxectivos, dea pé a que se poida manter a súa labor.
- Incidencia social: precisase dunha maior incidencia social, especialmente no entorno máis cercano á ONGD, de xeito que repercuta especialmente na sensibilización das persoas e no aumento de recursos económicos para que a Organización poida continuar coa súa planificación dun xeito sostible no tempo.
- Comunicación: O grado de incidencia social atópase directamente relacionado coa comunicación e dese xeito consideramos que non se pode entender, no ámbito de cooperación, a unha sin a outra.
- Xénero: aínda que neste últimos anos xa fixemos esforzos por establecer este tema en tódolos nosos proxectos, vemos que é importante reforzar esta liña de actuación incluíndoa dun xeito máis serio e constante en tódolos nosos documentos, proxectos....

Así mesmo, traballase tamén sobre as liñas que entran no proceso de fortalecemento pero que non se inclúen, como son: Captación de socios, Implementación do uso da páxina web e Comercio xusto.

5. Institucións implicadas.

En Galicia:

- ONG EUROEUME
- Concello da Coruña
- Concellos da Comarca do Eume
- SERGAS
- Xunta de Galicia
- Coordinadora Galega de ONG
- Universidades de Vigo, Coruña e Santiago

En Perú:

- Municipalidade Vilcabamba
- Municipalidade San Miguel

- DIRCETUR
- INC (Instituto Nacional de Cultura)

6. Resultados esperados.

A curto, medio e longo prazo pretendemos acadar os seguintes logros:

En Galicia:

- Aumento de socios.
- Maior recoñecemento social.
- Fortalecer a nosa organización como axente de cooperación galega e internacional.
- Aumentar a nosa colaboración con outras organizacións e institucións.
- Aumento do impacto e a sensibilización social.

En Perú:

- Empoderar definitivamente á poboación de Vilcabamba.
- Iniciar a nosa actividade nunha nova rexión.
- Fortalecer os contactos con persoas e institucións do país.

7. Destinatarios directos e indirectos.

En Galicia:

- Poboación do barrio de Labañou e do Concello da Coruña en xeral.
- Estudiantes de turismo.
- Habitantes dos concellos pertencentes a Euroeume.
- Habitantes de Galicia en xeral.

En Perú:

- Poboación da cunca de Vilcabamba.
- Poboación de Quillabamba.
- Persoas relacionadas co turismo en Perú, especialmente en Cuzco.
- Habitantes da Cunca de San Miguel.

8. Actividades / tarefas.

EN VILCABAMBA

Na cunca do río Vilcabamba:

Plan de desenvolvemento Turístico:

Promoción de Vilcabamba como destino turístico:

- Páxina web de Vilcabamba
- Pór no mercado turístico unha oferta concreta de circuitos turísticos con garantía de ser xestionados desde Vilcabamba.
- Colaborar con DIRCETUR na capacitación e promoción do turismo comunitario en Vilcabamba.
- Viaxe de turismo solidario en xuño 2011.
- Pór en marcha a oficina de información e xestión turística:
 - Ceder parcial e provisionalmente ao técnico para a atención da oficina
 - Ceder o uso da Casa Labañou Solidaria como oficina de atención ao turista.

Microcréditos:

1. Asesoramento e seguimento dos microproxectos financiados até agora.
2. Asesorar, supervisar e completar a transferencia ao GGAD da xestión dos microcréditos.
3. Inxectar cartos ao fondo crediticio dos microcréditos solidarios.

Desenvolvemento comunitario:

1. Asesoramento e dinamización das organizacións comunitarias (incluído o GGAD, AMEIT, Arrieras/os, xóvenes, Artesás/ns, Comunidades campesiñas, DEMUNA,...)
2. Emprazamentos á municipalidade (orzamentos participativos, convenio con DIRCETUR, microcréditos,...)

Área agropecuaria:

1. Continuar coa capacitación en hortos agroecolóxicos (Chacras ecolóxicas)
2. Promover a comercialización de produtos en Quillabamba .

Área da saúde:

1. Convenio co SERGAS para a rotación de residentes de medicamento de familia en Vilcabamba (asistencia sanitaria, saneamento básico, promotores de saúde, saúde na escola.....).

Casa de Labañou:

1. Dinamización da oficina de información e xestión turística
2. Dotación da sala de información e exposición de recursos turísticos e exposición/venda de artesanía.
3. Cesión para uso comunitario da aula de capacitación.
4. Chacra ecolóxica demostrativa

Cunca de San Miguel

Visita para avaliación de posibilidades de intervención:

1. Viaxe maio-xuño 2010.
2. Contactos coas organizacións e líderes locais.
3. Avaliación de problemas e necesidades susceptibles de intervención.

Quillabamba

Instrumentos para a intervención en Perú

- Mantemento dos dous técnicos.
- Acudir a financiamento externo para novo achegue ao fondo micro crediticio.
- Acudir a financiamento externo para proxecto Chacra ecolóxica.
- Posibilidade de contar con persoal expatriado.

NA CORUÑA

Elaborar e executar o Plan Estratéxico 2010 - 2013

Plan de fortalecemento da ONG

- Mantemento das actividades que vimos realizando (sardiñada).
- Mellora da información e atención aos socios.
- Plan de financiamento.
- Reforzo dos Plenarios.

- Novas incorporacións á Xunta Directiva.
- Páxina web de Labañou Solidaria.
- Contratación dun xestor/a técnico/a.
- Charlas nas facultades e institutos que imparten estudos de turismo en Galicia.
- Aumentar a nosa presenza en actos, charlas, reunións...
- Colaboración e traballo conxunto coa ONG Euroeume.

9. Instrumentos.

En canto aos instrumentos e materiais que debemos adquirir e / ou producir para conseguir os obxectivos do proxecto, consideramos que, tanto en Galicia como en Perú, son importantes:

- **Persoal** : contar con persoal contratado e voluntario que poida continuar a labor que se ven realizando ata agora.
- **Materiais**: contar con sedes e materiais que permitan levar a cabo as actividades necesarias.
- **Económicos**: recaudar unhas mínimas que orixinen máis ingresos que gastos.
- **Comunicación**: establecer e mellorar as canles de comunicación con outras institucións, socios, membros da ONG, outras organizacións....

10. Localización.

En Galicia:

- Barrio de Labañou – A Coruña.

En Perú:

- Cuncas de San Miguel e Vilcabamba e cidade de Quillabamba.

11. Previsión de gastos

Tendo en conta os balances de contas dos últimos anos, prevese que os gastos suporán un 44% do total de ingresos + gastos.

12. Previsión de ingresos

Pola contra, os ingresos suporían un 56% do total de ingresos + gastos.

13. Previsión de socios

En canto aos socios, pretendemos que, a raíz do plan de fortalecemento, os socios aumenten, mínimo, nun 5% anual. Dese xeito, ao fin do plan 2010 – 2013, teríamos un total de 186 socios (2010: 161; 2011:169; 2012: 177; 2013: 186).

14. Previsión de persoal contratado e voluntario

Unha vez finalizada a fase inicial de fortalecemento, a ONG cree convinte contratar unha persoa na sede da Coruña que se encargue xestión, coordinación e organización da organización.

En canto ao persoal voluntario, queremos manter o persoal co que contamos ata agora pero sempre con miras a ampliar, polo menos, un voluntario por ano.